ALIAD ULTREIA (2026/CTP_06/000068)	G27021120	12/01/2026 12:10:49	[2] DUPLICADO EN 2026/PES_03/000538
ASOC DE VECIÑOS DE CEREIXIDO (2026/CTP_06/000079)	G56810773	12/01/2026 12:11:41	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000025 E 2026/CTP_06/000053
ASOC DE VECINOS DA RIBEIRA DO LEA (2026/CTP_06/000090)	G27147750	12/01/2026 12:12:42	[2] DUPLICADO EN 2026/PES_03/000535
ASOCIACION DE SANTIAGO DE REQUEIXO (2026/CTP_06/000104)	G27393271	12/01/2026 12:13:54	[2] DUPLICADO EN 2026/PES_03/000532
ASOCIACION DE INVESTIGADORES AGROMAR	G27465632	12/01/2026 12:14:21	[4]
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ORBAZAI (2026/CTP_06/000124)	G27164169	12/01/2026 12:15:52	[2] DUPLICADO EN 2026/PES_03/000533

FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (VIVEIRO) (2026/CTP_06/000272)	G70270293	12/01/2026 12:16:59	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000265
COLEGIO P C ANTONIO INSUA BERMÚDEZ	Q2768014I	12/01/2026 12:23:32	[3]
ASOCIACION DE VECINOS DE SAN LAZARO (2026/CTP_06/000184)	G27040757	12/01/2026 12:42:40	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000021
CAPD DE SARRIA	S1511001H	12/01/2026 12:53:22	[3]
ASOC. VV.VV. CASTRO DE CUIÑAS (2026/PES_03/000545)	G27402916	12/01/2026 12:56:39	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000273
MONTES EN MANO COMUN COROA E CORNO DE VILLAFRAMIL (2026/CTP_06/000210)	V27133883	12/01/2026 13:19:10	[5]
ASOCIACION DE VECIÑAS E VECIÑOS DE REBORDAOS DO SAVIÑO (2026/CTP_06/000228)	G13755509	12/01/2026 14:35:17	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000044
ASOCIACION CULTURAL SOUTO DO VAL (2026/CTP_06/000278)	G27344290	13/01/2026 08:09:12	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000103
ASOC HOMBREIRO RIO MIÑO (2026/CTP_06/000285)	G27340082	13/01/2026 10:58:23	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000019
ASOCIACIÓN DE IRMANAMENTO DE RIBADEO (2026/CTP_06/000298)	G27483262	13/01/2026 13:24:31	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000204
ASOCIACIÓN DE IRMANAMENTO DE RIBADEO (2026/CTP_06/000300)	G27483262	13/01/2026 13:45:36	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000204 E 2026/CTP_06/000298
MONTES EN MANO COMUN COROA E CORNO DE VILLAFRAMIL (2026/CTP_06/000301)	V27133883	13/01/2026 13:56:06	[5] / [2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000210
ASOC DE COMERCIANTES ARTESANOS DE SAMOS (2026/CTP_06/000302)	G27179894	13/01/2026 14:34:52	[2] DUPLICADO EN 2026/CTP_06/000177
DIACONIA	R2802129C	23/01/2026 16:16:11	[1]

(1) Solicitud presentada fóra de prazo. Atendendo ao punto 3.2 das Bases reguladoras e convocatoria do programa “Coñece a túa provincia” (Anualidade 2026), sinalase que o prazo de presentación de solicitudes comeza ás 12:00 horas do mediodía do seguinte día hábil ao da publicación das bases e a convocatoria do programa no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e rematará o quinto día hábil trala publicación ás 23:29 horas. As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado serán desestimadas.

(2) Solicitud duplicada. Atendendo ao punto 3.3 das Bases reguladoras e convocatoria do programa “Coñece a túa provincia” (Anualidade 2026), indícase que cada entidade poderá presentar como máximo unha solicitude nesta convocatoria. No caso de que presente máis dunha solicitude, só se terá en conta a rexistrada en primeiro lugar

(3) Os centros educativos teñen consideración de administracións públicas, polo que non se trata de entidades sen ánimo de lucro. Atendendo á base segunda da convocatoria do programa “Coñece a túa provincia” (Anualidade 2026) sinalase que poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede na provincia de Lugo que non perderan o dereito a participar na pasada edición do 2025.

(4) Desestimación por ausencia de resposta ao requirimento de documentación solicitada, aprobado por decreto de data 21 de xaneiro de 2026.

(5) Non ter a consideración de entidade sen ánimo de lucro (base segunda).

LISTAXE DE RENUNCIAS

NOME ASOCIACIÓN	NIF	DATA RENUNCIA
APA COLEGIO PUBLICO DE MEIRA	G27120500	24/02/26

O presente acordo pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co disposto no

artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa, todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente

Lugo, 6 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0580

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000015.- LUGO.- Rehabilitación de firme da rúa Filarmónica Lucense, p.k. 0+000 a 0+542

2026/CON_02/000017.- ABADÍN.- Rehabilitación de firme de LU-P-0108 “Foxas (N-634) – Canteirada (N-634)” p.k. 0+675 a 6+245

2026/CON_02/000018.- A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme de LU-P-4806 “Vilaxe (N-640) – Galegos – Ribeira de Piquín (LU-751)” p.k. 2+390 a 7+440

2026/CON_02/000019.- CHANTADA - CARBALLEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1807 “Chantada (LU-213) – Santa Uxía – Cartelos (LU-P-1002)” p.k. 0+000 a 9+403

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 6 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0581

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

ANUNCIO

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA DE TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL, PARA A COBERTURA TEMPORAL POR NECESIDADES DO SERVIZO

Mediante Resolución de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2026, aprobáronse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a constitución dunha lista de agarda de traballador/a social municipal, para a cobertura temporal da praza por necesidades do servizo. O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, para maior difusión.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello.

Antas de Ulla, 6 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 0582

CARBALLEDO*Anuncio*

Don Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, alcalde-presidente do Concello de Carballedo, fai saber:

Que corresponde ao Pleno do concello elixir as persoas que serán nomeadas xuíz de paz substituto deste municipio, conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei orgánica do poder xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abre un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais o soliciten mediante un escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes deberán conter:

1. Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.
2. Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e Declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2.1 a) da lei 68/80, relativo a “ se se atopa inculpado ou procesado”.
3. Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

Que na Secretaría deste concello pode examinarse o expediente e demandar a información que se precise.

Que, no caso de non se presentar solicitudes, o Pleno do concello elixirá libremente e logo comunicarlle o acordo ao xulgado de primeira instancia do partido.

Publícase isto para coñecemento xeral.

Carballedo, 4 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0583

CHANTADA*Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión ordinaria do día 05/02/2026 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 3/2026 baixo a modalidade de suplemento de crédito 01/2026 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , por importe de de 279.979,91 €.

O expediente someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 33 do 10 de febreiro do 2.026.

Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algunha , polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resume do mesmo por capítulos.:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.661.071,92
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	220.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.099.787,96
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.318.110,63
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.530,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	610.201,91
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.025.070,82
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		10.943.773,84

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.741.270,92
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	4.701.693,36
3	GASTOS FINANCEIROS	5.382,88
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	394.000,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.650.068,89
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	451.357,79
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		10.943.773,84

Chantada, 5 de marzo 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0571

LUGO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO

Faise público que o Pleno do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2026, segundo consta no Acordo núm. 11/23, quedou informado da elevación a definitivo mediante aprobación automática por non terse presentado alegacións durante o período de exposición pública, do Acordo plenario 2/163, ata entón provisional, de aprobación inicial da modificación do Regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Lugo, acordada en sesión ordinaria do 27/11/2025 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 284 do 12 de decembro de 2025.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En cumprimento deste acordo, publícase a continuación o texto íntegro do Regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Lugo, que entrará en vigor aos quince días da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Lugo:

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

CAPÍTULO 1.- FINALIDADE, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 1.- O Consello Escolar Municipal configúrase como un órgano de consulta e participación da cidadanía, organismos e sectores afectados pola programación xeral do ensino dentro do termo municipal de Lugo. Terá como finalidade o asesoramento e a elaboración de propostas á corporación municipal sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incida nos intereses da veciñanza.

Artigo 2.- O Consello Escolar Municipal estará integrado por:

Presidente: alcalde ou alcaldesa ou concelleira/o en quen delegue.

Secretaria/o: a/o do Concello ou, por delegación súa, unha funcionaria ou un funcionario do Concello ou da administración docente en quen concorra o requisito de idoneidade.

Concelleiras/os:

a) 10 profesoras/es dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, que propuxeran os sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no termo municipal, distribuídos da seguinte maneira:

6 profesoras/es do ensino público

4 profesoras/es do ensino privado ou concertado

b) 6 nais ou pais de alumnado proposto pola Federación de Asociacións de Nais e Pais: 4 pertencerán ao sector do ensino público e 2 á privada ou concertada. De non existir federacións en calquera dos dous sectores citados, serán as asociacións de nais e pais de alumnado as que designen a respectiva representación.

c) 4 alumnas/os tanto do ensino público como privado ou concertado elixidas/os polo persoal representante do alumnado en consellos escolares dos centros existentes no municipio, na forma que se expresa no capítulo 4 deste regulamento.

d) 10 representantes dos distintos sectores implicados no ensino non universitario, que serán os seguintes:

2 representantes dos centros públicos que impartan educación infantil ou primaria propostos polo conxunto de directores/as

2 representantes dos centros públicos que oferten ensinanzas de educación secundaria propostos polo conxunto de directores/as

1 representante das e dos titulares dos colexios privados ou concertados propostos polo conxunto de directores/as

1 representante dos Movementos de Renovación Pedagóxica elixido entre estes

1 representante da Inspección de Educación, que será o/a presidente/a da Comisión de Escolarización de Lugo

1 representante da Unidade Técnica da consellería competente en materia de Educación

1 arquitecto/a técnico municipal

1 pedagoga/o municipal

e) 1 representante da consellería competente en materia de Educación

Artigo 3.- Será función do Consello Escolar Municipal a emisión de informes e propostas nas seguintes materias:

a) Convenios e acordos de colaboración coa consellería competente en materia de Educación ou con calquera outra Administración pública que afecten ao ensino non universitario dentro do termo municipal.

b) Actuacións e normas municipais que lles afecten aos servizos educativos municipais complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza, conservación e vixilancia de edificios.

c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Localización de centros docentes dentro do termo municipal.

e) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación do medio.

f) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lles outorgue aos municipios.

g) Na programación de investimentos en materia educativa.

h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

CAPÍTULO 2

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO

Artigo 4.- O consello terá a súa sede no concello de Lugo ou no lugar que se designe por acordo deste, sempre que sexa dentro do termo municipal.

Artigo 5.- Para a válida celebración de sesións requirirase que concorran, en primeira convocatoria, un terzo do número legal de integrantes, sempre que entre estes se encontren a presidencia e a secretaría. En segunda convocatoria celebraranse sesións media hora despois da prevista para a primeira, co mesmos requisitos do parágrafo anterior, e sempre que o número de persoas asistentes non sexa inferior a 5.

Artigo 6.- Os debates dirixiraos a presidencia ao seu prudente arbitrio, e os acordos adoptaranse por maioría simple.

Artigo 7.- Os acordos emitiranse en forma de ditame ou proposta. Os ditames entenderanse preceptivos e non vinculantes.

Artigo 8.- O voto é persoal, salvo os supostos de substitución, intransferible e non suxeito a prazo, condición ou modo. Cada integrante, excepto quen exerza a función de secretaría, terá un voto, emitido de forma

ordinaria, que se manifestará por signos convencionais de asentimento, desistencia ou abstención. En caso de empate, realizarase unha nova votación e de persistir, decidirá o voto de calidade do presidente ou presidenta.

Artigo 9.- O consello celebrará sesión ordinaria dúas veces ao ano, nas datas que determine este, e extraordinaria cando o ordene a presidencia, ben por iniciativa propia, ou a pedimento dun terzo das súas persoas integrantes.

Artigo 10.- As convocatorias cursaráselle a quen forme parte del con dous días de anticipación, salvo o caso das convocatorias de sesións extraordinarias e urxentes.

CAPÍTULO 3

MANDATO, SUBSTITUCIÓN E REVOGACIÓN DE CONSELLEIRAS/OS

Artigo 11.- O mandato das e dos compoñentes do consello durará 4 anos, e renovarase a medias cada dous anos. O prazo computarase desde a última constitución do consello.

Se transcorrido este prazo non fose posible a súa renovación total, continuarán nos seus cargos as e os membros non renovados ata a súa substitución polo novo persoal integrante.

Artigo 12.- As concelleiras e os conselleiros que non se elixiran en votación poderán ser revogadas e revogados nos seus cargos pola autoridade que os nomeara. Igualmente, a cada persoa non elixida poderá nomeárselle substituta.

Artigo 13.- Seis meses antes de que expire o mandato darase comezo ao proceso de renovación, de conformidade co disposto no capítulo seguinte.

Artigo 14.- Quen forme parte do consello poderá renunciar aos seus cargos e comunicarllo ao consello no prazo de 10 días. Na próxima reunión do consello, aceptárase a renuncia e instarase a súa substitución.

Artigo 15.- Quen forme parte do consello ten o deber de asistir ás sesións e de darlle coñecemento á presidencia das ausencias coa anticipación suficiente.

CAPÍTULO 4

DO NOMEAMENTO E ELECCIÓN DAS PERSOAS QUE FORMEN PARTE DO CONSELLO

Sección 1ª.- Da designación de integrantes do consello

Artigo 16.- As persoas integrantes do consello que deban ser nomeadas ou designadas pola autoridade, organismo ou entidade determinada por este regulamento, deberán facelo no prazo de 10 días a partir do momento en que reciba requirimento en tal sentido por parte do Concello de Lugo. Se non o fixesen tras un segundo requirimento, entenderase que renuncian ao seu nomeamento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- En todo o non previsto neste regulamento no que atinxe ao réxime de constitución e funcionamento do consello, celebración de sesións, debates, votacións, estarase con carácter supletorio ao que dispoña a lexislación de réxime local.

Segunda.- No prazo máximo de 3 meses, contados desde a entrada en vigor deste regulamento, iniciárase o proceso electoral a que se refire o capítulo 4 deste regulamento.”

Lugo, 5 de marzo de 2026.- O alcalde, PD. A Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento (Decreto núm. 10280/2025, do 4 de novembro modificado polo Decreto núm. 11673/2025 do 12 de decembro), Iria Buide Pena.

R. 0572

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 52/2026, de data 4 de marzo de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro de 2026, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 4 de marzo de 2026 ao 3 de maio de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 4 de marzo de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0573

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas DECEMBRO 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 02.03.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente o mes de decembro do 2025 e do servizo de cursos de natación internos e externos durante o 4º trimestre do 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 16.03.2026 ata o 18.05.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 4 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0574

PORTOMARÍN*Anuncio*

Aprobado o PADRON de:

- Tasa SAF periodo DECEMBRO de 2025.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 1 de MARZO de 2026 ao 1 de ABRIL de 2026.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da Abanca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 24 de febreiro de 2026.- O alcalde en función, Javier Rodríguez Vázquez.

R. 0584

Anuncio

Aprobado o PADRON de:

- Tasa SAF periodo XANEIRO de 2026.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 1 de MARZO de 2026 ao 1 de ABRIL de 2026.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da Abanca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 24 de febreiro de 2026.- O alcalde en función, Javier Rodríguez Vázquez.

R. 0585

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 04.03.2026, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **FEBREIRO/2026**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de marzo 2026.- A alcaldesa - presidenta, D.^a María Jesús López López.

R. 0575

O VALADOURO

Anuncio

PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DO VALADOURO AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 – PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO

1. INTRODUCCIÓN:

O Servizo municipal de Vías e Obras é un servizo de prestación obrigatoria en tódolos municipios en virtude do establecido no artigo 26.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local. Por tanto, dito servizo municipal ten carácter de prioritario e esencial, realizando entre outras as seguintes funcións: reparación e execución de infraestruturas viarias (rúas, estradas locais, camiños rurais) e obras públicas (edificios municipais, alcantarillado, iluminación,...)

Ao non dispor este concello de suficientes operarios para a realización dos citados traballos, será preciso o nomeamento por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia de 3 funcionarios interinos que leven a cabo o desenvolvemento deste programa de carácter temporal segundo o estipulado no artigo 10.1c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2. OBXECTO DO PROGRAMA:

O obxecto do presente programa, denominado “Programa de carácter temporal do Servizo de Vías e Obras do Concello do Valadouro ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 – Programa de Reforzo do Emprego” é o nomeamento de 3 funcionarios interinos para os postos de 1 operario condutor de camión e 2 peóns para o Servizo de Vías e Obras do Concello do Valadouro.

Os custos salariais destes 3 funcionarios interinos serán con cargo á **axuda concedida a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026- Programa Reforzo do Emprego**, cuxas bases foron publicadas no BOP 004 o mércores 7 de xaneiro de 2026.

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Actualmente este concello conta na súa plantilla de persoal constan prazas de 3 operarios, dos cales ningún desempeña as funcións específicas de operario condutor de camiión nin peón para o Servizo de Vías e Obras, véndose na necesidade de contratar traballadores ou nomear funcionarios interinos para levar a cabo as tarefas de mantemento de Vías e Obras do Concello do Valadouro.

Sendo estas tarefas básicas para garantir a seguridade, salubridade e benestar da veciñanza e non dispoñendo de persoal propio da entidade para realizalas, respondendo a unha necesidade de persoal urxente e inaprazable, será preciso nomear 3 funcionarios interinos para levar a cabo as citadas tarefas permitindo asegurar o funcionamento regular das competencias da propia entidade.

As bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, establecen que será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

4. DURACIÓN

A duración do presente programa esténdese por **catorce meses**, dende o nomeamento dos tres funcionarios/as interinos (1 peón condutor e 2 peóns)

En todo caso a finalización do Programa de Carácter Temporal do Servizo de Vías e Obras non poderá ser posterior ao 31 de outubro de 2027, por estar financiados os custos salariais ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO, publicado no BOP. 004 O mércores 7 de xaneiro de 2026.

5. PREVISIÓN DE EFECTIVOS

Para a execución do presente programa será preciso o nomeamento de 3 funcionarios interinos, 1 operario condutor de camiión e 2 peóns para o Servizo de Vías e Obras, que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

No caso do operario condutor de camiión, ademais deberá de contar con:

- Permiso de conducir clase C

No caso dos 2 peóns, ademais deberán de contar con:

- Permiso de conducir clase B

6. FUNCÍONS

Os funcionarios interinos nomeados para a execución deste programa desenvolverán as seguintes funcións:

2 Peóns servizo de Vías e Obras:

- Reparación de pavimentos.
- Colocar valos de seguridade e rodapés.
- Cargar e descargar materiais de construción e equipos.
- Construción de vados para o paso de peóns.
- Traballos de reparación e mantemento de beirarúas.
- Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

1 Operario condutor de camión servizo de Vías e Obras:

- Condución de camión.
- Condución de maquinaria.
- Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

Respecto á xornada laboral e horario de traballo dos funcionarios interinos que sexan nomeados ao abeiro do presente programa, adecuarase á xornada ordinaria do Concello de O Valadouro, podendo sufrir cambios por necesidades do servizo.

7. ÓRGANO RESPONSABLE

O órgano responsable da execución deste programa será a Alcaldía.

8. CESE

Os funcionarios interinos nomeados ao abeiro deste programa cesarán aos catorce meses do seu nomeamento e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2027.

O Valadouro, 5 de marzo de 2026.- O alcalde – presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0586

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DE UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (2 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO)

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria establecer o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino (2 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO) no Concello de O Valadouro atopándose incluído no artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro,

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Denominación: 2 peóns servizo de Vías e Obras.
- Xustificación do nomeamento: Artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro: A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenrolo de este Estatuto. A duración deste Programa de Carácter Temporal terá unha duración aproximada de **catorce meses** dende o nomeamento dos peóns do Servizo de Vías e Obras.

- As tarefas dos 2 peóns servizo de Vías e Obras:
 - Reparación de pavimentos.
 - Colocar valos de seguridade e rodapés.
 - Cargar e descargar materiais de construción e equipos.
 - Construción de vados para o paso de peóns.
 - Traballos de reparación e mantemento de beirarúas.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo a lexislación vixente para o grupo AP.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunilos seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Será requisito específico:

- **permiso de conducir clase B.**
- **será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.**

CUARTA.— PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **tres (3) días HÁBILES** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os participantes deberán comunicalo mediante correo electrónico durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias ao correo concello@valadouro.gal.

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia cotexada do permiso de conducir esixido.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.
- Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTA.— ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicárase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados como funcionarios interinos, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convócente, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.— PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso- oposición

FASE DE CONCURSO: O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 2,00 puntos**)
Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.
 - Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
 - Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
 - Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
 - Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
 - Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
2. Experiencia profesional (**máximo 6,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa ou entidade en que consten as tarefas realizadas e a duración. Unicamente se puntuarán os servizos prestados en postos de peón relacionados con vías e obras, espazos públicos e demais servizos públicos ou contratos privados nos que se recolla especificamente que as funcións realizadas son de peón:
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha empresa privada.....0,20 Puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: (Máximo 12,00 Puntos)

PRIMEIRO EXERCICIO: consistirá en contestar por escrito un tipo test de 15 preguntas con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva, sobre o temario que se recolle no anexo I. O tempo para a realización desta proba será de 20 minutos.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: consistirá en unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

OITAVA.— RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Edictos do mesmo.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello.

Facendo o chamamento aos dous aspirantes que obtiveran unha maior puntuación e encabecen a bolsa aprobada pola Alcaldía.

Os aspirantes propostos, cando sexan requiridos para o seu nomeamento, achegarán ante a Administración as condicións de capacidade que lle sexan requiridos.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase n documentación ou da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

As propostas de nomeamento serán adoptadas polo órgano competente a favor dos aspirantes segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se o aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistencia ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase ao seguinte candidato que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarase aos aspirantes acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Os nomeamentos derivados deste proceso de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

NOVENA. ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE REFORZO DE EMPREGO 2026 – 2 PEÓNS SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que as prazas convocadas ao abeiro desta convocatoria quedasen definitivamente vacantes por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida unicamente as prazas desta convocatoria).

DÉCIMA.— NOMEAMENTO.

Unha vez aceptado o chamamento, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas integrantes da listaxe de emprego por orde do posto que ocupen na mesma e con indicación expresa do programa de carácter temporal que xustifique o seu nomeamento.

Así mesmo, na acta de toma de posesión indicarse a duración do programa de carácter temporal (catorce meses).

UNDÉCIMA.— TOMA DE POSESIÓN.

A toma de posesión dos funcionarios interinos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de publicación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non tome posesión sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se realice a toma de posesión e non se incorporen ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa nomeada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.— FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE.

A Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.

b) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

DÉCIMO TERCEIRA.— INCOMPATIBILIDADES

O aspirante proposto quedará suxeito, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.— NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

1. A Constitución Española de 1978: estrutura, principios fundamentais e dereitos e deberes fundamentais.
2. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia: principios fundamentais.
3. O municipio: organización e competencias municipais.
4. Prevención de Riscos Laborais: normativa básica.
5. Ferramentas e maquinaria básica de obras públicas.
6. Conservación e mantemento de calzadas, beirarúas, camiños rurais, Pontes, muros,...
7. Señalización viaria e normas básicas de circulación en zonas de obra.
8. Interpretación básica de planos e croquis de obra.
9. Uso e mantemento básico de equipos de protección individual (EPI).
10. Manexo básico de maquinaria de obra.

ANEXO II

SOLICITUDE DO INTERESADO

(BOLSA DE TRABALLO FUNCIONARIO INTERINO PARA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL – REFORZO DO EMPREGO 2026 - 2 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS)

DATOS DO INTERESADO		
NOME E APELIDOS		NIF
DATOS DE NOTIFICACIÓN		
NOTIFICACIÓN ELÉCTRÓNICA		
NOTIFICACIÓN POSTAL		
DIRECCIÓN		
CÓDIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA
TELÉFONO	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
EXPÓN Que, tendo coñecemento do procedemento convocado para a constitución dunha bolsa de emprego, conforme ás bases publicadas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de funcionarios interinos para a execución do programa (2 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE • Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. • Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. • Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. • Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. • Acreditación do nivel de idioma galego Celga 2: ☐ SI ☐ NON • Reunir todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o seu nomeamento. Relación de méritos alegados (IMPRESINDIBLE ACHEGAR COPIA E ORIXINAL) xunto co presente anexo. • _____ • _____ • _____ • _____ • _____ • _____ • _____ • _____ • _____		

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Protección de Datos:

En cumprimento do establecido polo artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018 informáselle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro. Os seus datos serán tratados coa finalidade de xestionar a súa solicitude. Pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade ou limitación do tratamento dirixíndose ao Concello de O Valadouro no seguinte enderezo postal: Rúa Feira Nova, 1. 27770 O Valadouro. Lugo.

Máis información: www.valadouro.gal

En O Valadouro a de 2026

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DE UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO)

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria establecer o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino (1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO VÍAS E OBRAS- PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO) no Concello de O Valadouro atopándose incluído no artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

As probas selectivas para o acceso á praza convocada seralle de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Denominación: operario-condutor de camión.
- Xustificación do nomeamento: Artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro: A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento de este Estatuto. A duración deste Programa de Carácter Temporal terá unha duración de **catorce meses** dende o nomeamento do operario condutor de camión do Servizo de Vías e Obras.
- Servizo para o que sea necesario o nomeamento e coas funcións propias en cada caso.
- As tarefas do operario condutor de camión do servizo de Vías e Obras:
 - Condución de maquinaria.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o nomeamento.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

- permiso de conducir clase C.
- **será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.**

CUARTA.— PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **tres (3) días HÁBILES** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os candidatos deberán comunicalo mediante correo electrónico, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, no seguinte correo electrónico concello@valadouro.gal.

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia cotexada do permiso de conducir esixido.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.
- Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTA.— ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo de dous días hábiles que conterá:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados como funcionarios interinos, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convócente, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.— PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso- oposición.

FASE DE CONCURSO: O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Estar en posesión do Certificado de Aptitud Profesional (CAP) **(0,50 puntos)** Acreditarase mediante Tarxeta de cualificación do condutor.
2. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos **(máximo 1,50 puntos)** Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación
 - Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
 - Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
 - Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
 - Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
 - Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
3. Experiencia profesional **(máximo 6,00 puntos)** Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa ou entidade pública en que consten as tarefas realizadas e a duración. Unicamente se puntuarán os servizos prestados en postos de operario condutor relacionados con vías e obras, espazos públicos e demais servizos públicos ou contratos privados nos que se recolla especificamente que as funcións realizadas son de operario condutor. Non se terá en conta os servizos prestados como peón condutor nas brigadas de incendios.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha empresa privada.....0,20 Puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: (Máximo 12,00 Puntos)

PRIMEIRO EXERCICIO: consistirá en contestar por escrito un tipo test de 15 preguntas con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva, sobre o temario que se recolle no anexo I. O tempo para a realización desta proba será de 20 minutos.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: consistirá en unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

OITAVA.— RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Edictos do mesmo.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello.

O aspirante proposto, cando sexa requirido para o seu nomeamento, achegará ante a Administración as condicións de capacidade que lle sexan requiridas.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A propostas de nomeamento será adoptadas polo órgano competente a favor do aspirante segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se a/o aspirante ao que lle corresponde o nomeamento non fose nomeado/a, ben por desestimento ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase á seguinte candidata/o que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarase aos aspirantes achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Os nomeamentos derivados deste proceso de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

NOVENA.— ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE REFORZO DE EMPREGO 2026 – 1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que a praza convocada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida unicamente a praza desta convocatoria).

DÉCIMA.— NOMEAMENTO.

Unha vez aceptado o chamamento, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas integrantes da listaxe de emprego por orde do posto que ocupen na mesma e con indicación expresa do programa de carácter temporal que xustifique o seu nomeamento.

Así mesmo, na acta de toma de posesión indicárase a duración do programa de carácter temporal (catorce meses).

UNDÉCIMA.— TOMA DE POSESIÓN.

A toma de posesión do funcionario interino terá lugar dentro do prazo de dous días hábiles, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non tome posesión sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se realice a toma de posesión e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa nomeada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.— FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE.

A Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- b) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

DÉCIMO TERCEIRA.— INCOMPATIBILIDADES

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.— NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do

anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

1. A Constitución Española de 1978: estrutura, principios fundamentais e dereitos e deberes fundamentais.
2. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia: principios fundamentais.
3. O municipio: organización e competencias municipais.
4. Prevención de Riscos Laborais: normativa básica.
5. Ferramentas e maquinaria básica de obras públicas.
6. Conservación e mantemento de calzadas, beirarúas, camiños rurais, Pontes, muros,..
7. Señalización viaria e normas básicas de circulación en zonas de obra.
8. Normativa de tráfico e circulación: Regulación de vehículos pesados, sinais específicas, límites de velocidade.
9. Mantemento básico de vehículos, documentación dos vehículo. Operacións de carga e descarga: normas de seguridade, uso de grúas e outros dispositivos auxiliares.
10. Interpretación de planos: lectura básica de planos e croquis de obra.

ANEXO II

SOLICITUDE DO INTERESADO

(BOLSA DE TRABALLO FUNCIONARIO INTERINO PARA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL – REFORZO DO EMPREGO 2026- 1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO VÍAS E OBRAS)

DATOS DO INTERESADO		
NOME E APELIDOS		NIF
DATOS DE NOTIFICACIÓN		
NOTIFICACIÓN ELÉCTRÓNICA		
NOTIFICACIÓN POSTAL		
DIRECCIÓN		
CÓDIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA
TELÉFONO	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
EXPÓN Que, tendo coñecemento do procedemento convocado para a constitución dunha bolsa de emprego, conforme ás bases publicadas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de funcionarios interinos como operario condutor de camión. DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE • Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. • Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. • Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. • Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. • Acreditación do nivel de idioma galego Celga 2: ☐ SI ☐ NON • Reunir todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. Relación de méritos alegados (IMPRESINDIBLE ACHEGAR COPIA E ORIXINAL) xunto co presente anexo. • ----- • ----- • ----- • ----- • ----- • ----- • ----- • ----- • ----- • -----		

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Protección de Datos:

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obrigación legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

Máis información: www.valadouro.gal

En O Valadouro a de 2026

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VALADOURO

XERMADE**Anuncio****Aprobación definitiva do expediente de modificación de bases de execución do orzamento do exercicio 2026. Expte 8/2026.**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 15 de xaneiro de 2026, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2026, en concreto da base 51.1, a fin de incrementar a subvención nominativa da ANPA Xermade.

O anuncio de aprobación inicial publicouse no BOP n.º 018 o 23/01/2026, sen que se presentaran alegacións.

Consonte ao disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto definitivo da base núm. 51.1, quedando como se detalla:

“51.1. PREVISIÓN NOMINATIVA SUBVENCÍONS

O vixente orzamento contempla as seguintes subvencións nominativas para contribuír ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, con carácter fixo e coas seguintes contías determinadas:

1º. Subvención nominativa á Asociación Consello de maiores Xestoso-Cambás, para a financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento do proxecto UNED sénior, por importe de 2.000,00 €, na partida 334.489, nos termos do convenio asinado o 16 de abril de 2010.

2º. Subvención para o programa “Educando en familia”, por importe de 3.000,00 €, na partida 321.489, nos termos do convenio asinado no 2013.

3º. Subvención de 500,00 € para a Invernada de Cine de Cabreiros, organizada pola Asociación de Veciños de Cabreiros, na partida 334.489.

4º. Subvención nominativa para equipos de fútbol de 500,00 € por equipo, na partida 341.489, por un total de 2.000,00 €.

5º. Subvención nominativa na partida 135.489 2.000,00 euros para axuda aos gastos de funcionamento da Asociación de protección civil.

6º. Subvención nominativa na partida 321.489 unha axuda de 1.500,00 euros para a ANPA do CEIP Xermade para o financiamento do servizo de madrugadores no curso 2025-2026.

Facultándose á Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) para a súa concesión seguindo o procedemento establecido nestas bases e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xermade das mesmas.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 5 de marzo de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0576

XOVE**Anuncio****SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL NA MODALIDADE DE CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN (ART 15.3 DO TRET) DUNHA (1) PRAZA DE PEÓN/OA SERV. MÚLTIPLES (POSTO 66 RPT)**

Por Resolución de Alcaldía de 05 de marzo de 2026, aprobáronse as bases específicas para a selección dunha (1) praza de Peón/oa Serv. Múltiples do Concello de Xove persoal laboral temporal na modalidade de contrato de substitución durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 66 RPT), persoal laboral temporal por substitución ata a súa cobertura definitiva (art 15.3 do TRET) polo sistema de concurso-oposición libre e que a continuación se transcriben:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA DUNHA (1) PRAZA DE PEÓN/OA DE SERV. MÚLTIPLES DO CONCELLO DE XOVE (POSTO 66 RPT)"

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a selección e provisión con carácter temporal mediante o procedemento concurso-oposición dunha (1) praza de peón/oa servizos múltiples do concello de Xove persoal laboral temporal na modalidade de contrato de substitución durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 66 RPT) (art 15.3 TRET).

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: AP

NIVEL C.D.: 13

DENOMINACIÓN: PEÓN/OA SERV. MÚLTIPLES

XORNADA DE TRABALLO: Xornada completa (35 horas semanais)

DURACIÓN DO CONTRATO: O contrato estará vixente ata a cobertura definitiva mediante contrato fixo

RETRIBUCIÓN: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 23 e seguintes do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove.

FUNCIÓNS DA PRAZA: As descritas na relación de Postos de Traballo (posto núm. 66), a saber:

1. Auxiliar en la ejecución de tareas de jardinería: limpiar los parques y jardines (recoger basura, vaciar papeleras, retirar restos de podas, de cortacésped, rastrillar, etc.), regar, cortar el césped, etc.
2. Auxiliar en la ejecución de tareas de albañilería para el mantenimiento y conservación de la vía pública: echar asfalto, hacer mezclas, etc.
3. Auxiliar en la ejecución de tareas de fontanería en edificios municipales.
4. Auxiliar en las tareas de mantenimiento y conservación de carreteras y calles municipales: bachear, hormigonar caminos y cunetas, etc.
5. Abrir y cerrar zanjas para la instalación o mantenimiento de diferentes redes: agua, eléctrica, comunicaciones, etc.
6. Realizar labores de limpieza y desbroce manual de las cunetas y de los márgenes de la red viaria municipal.
7. Realizar la recogida semanal de enseres y residuos especiales (pilas, electrodomésticos, envases de pinturas, etc..) y su traslado al Punto Limpio.
8. Procurar el buen estado y limpieza de la maquinaria municipal: hormigonera, compresor, radial, compactadora, martillo rompedor, etc., así como de la ropa asignada.
9. Formar parte del "Equipo de primera Intervención" para la atención de imprevistos de carácter operativo y emergencias: incendios, actuaciones por temporales e inclemencias grandes de tiempo, así como tareas de colaboración con los servicios de bomberos y emergencias; realizando tareas de albañilería, colocación de tubos, apertura y adecuación de zanjas, desmontes y movimientos de tierras con herramientas manuales, picado de piedra y creación de muros de contención, etc.
10. Conducir el tractor-desbrozadora, para el desbroce de: carreteras, caminos, pistas forestales, zonas públicas, instalaciones municipales, etc.
11. Conducir y manejar la pala mixta retro para realizar: desmontes, excavaciones y movimientos de tierra, cargar materiales en el camión de obras, abrir zanjas, limpieza de playas, allanar terrenos, cribar tierra, etc.
12. Colaborar en la realización de eventos, actuaciones y festejos: montaje de palcos, escenarios, decoración de entornos, participación en cabalgatas, belenes navideños, etc.
13. Auxiliar en la ejecución de tareas de pintura en edificios municipales, mobiliario urbano, así como señalización horizontal viaria.
14. Efectuar cualquier otra tarea propia de su categoría que le sea encomendada y para la cual haya sido previamente instruido.

3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 20. Cinco.1 da L 31/2022, de 23 e decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023: "*Non se poderá contratar persoal temporal ni realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada polo RDLei 32/2021, de 28 de decembro, o o Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, así como no resto da normativa aplicable*".

- Artigo 11 do E.B.E.P.: “*É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal*”

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: “*Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*”.

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “*As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) Publicade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: “*Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto*”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “*A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade*”.

-Artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “*A selección do persoal laboral réxese polo establecido polo artigo 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril.*

- Artigo 15.1 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (E.T.): “*O contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora*”.

- Artigo 15.3 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (E.T.): “*O contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo, sen que a súa duración poida ser neste caso superior a tres meses, ou o prazo inferior recollido en convenio colectivo, nin poida celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dita duración máxima*”.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

- Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.
- Ter cumpridos dezaioito anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente

nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.- Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

Certificado de Escolaridade e asimilados.

Carnet de Conducir B.

O coñecemento da lingua galega: os interesados deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa D.A. 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G.A. 146 de 30/07/2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (D.O.G.A. 34 de 19/02/2014).

Caso de non dispor do CELGA 2, o coñecemento da lingua galega acreditarase mediante a superación dunha proba tipo test plantexada polo Tribunal a realizar antes do exercicio escrito da fase de oposición. Esta proba de coñecemento da lingua non terá puntuación máis será requisito imprescindible superala.

6.- PUBLICACIÓN.

A convocatoria e as bases íntegras da mesma publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica da páxina web (<https://xove.sedelectronica.gal>). A data de publicación no B.O.P. abrirá o prazo de presentación de solicitudes.

7.- SOLICITUDES.

Instancias e documentación adicional. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puideran advertir, poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflicten as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o Tribunal poda resolver con obxectividade a solicitude formulada, o interesado deberá achegar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) Fotocopia da titulación académica esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) Fotocopia do requisito imposto en aplicación do artigo 50.2 da LEPG e que se refire ao carné B.

e) Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.

Deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos recollidos na Base 11.

*** OS/AS ASPIRANTES, ABSTERANSE DE PRESENTAR XUSTIFICACIÓNS DE MÉRITOS CLARAMENTE NON PUNTUABLES.**

Forma de presentación.**a) Presentación en papel:**

Deberá presentar a documentación requirida antecedita do oportuno índice de documentos, no que sinale nominativamente cada documento. A documentación a presentar constará debidamente foliada con reflexo no antedito índice, a fin de facilitar a labores do órgano de selección.

b) Presentación electrónica:

No caso de presentar a solicitude a través da sede electrónica do concello, deberán presentar toda documentación en formato .pdf, non admitindo outros formatos electrónicos coma capturas en formato .jpg.

Deberán presentar o oportuno índice de documentos no que sinale nominativamente cada documento.

Por último, presentarán cada documento que aporte, sexa este como requisito para participar ou ben como mérito a valorar nun único documento .pdf, non sendo admisible agrupar nun único documento pdf. toda a documentación a presentar.

Prazo de presentación: este será de **DEZ DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.P.

A presentación da documentación requirida fóra de prazo suporá a exclusión do procedemento.

Lugar de presentación:

3. De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (luns a venres).

4. A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove.

5. Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Consentimento ao tratamento de datos persoais: Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

8.- LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://xove.sedelectronica.gal>).

Prazo de alegacións. o prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 4 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

9.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do T.E.B.E.P. e estará integrado polos seguintes membros, tendo todos eles voz e voto, excluído o Secretario do Tribunal, que redactará a acta de cada sesión que se celebre:

- Un Presidente.
- Tres vogais.
- Un Secretario.

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicárase na Sede Electrónica do Concello.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como á normativa en materia de acceso ao emprego público.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

10.- CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 24 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

11.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN.

11.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

11.1.1.- PRIMEIRA PROBA DE COÑECIMENTOS TEÓRICOS (TOTAL 20 puntos)

O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará dun primeiro exercicio que consistirá en responder a 20 preguntas tipo test (máis tres preguntas de reserva) relacionadas coas tarefas propias da praza de Peón/oa de Serv. Múltiples e do Programa de Acceso contido no Anexo I. Este exercicio terá unha puntuación máxima de 20 puntos.

Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

O tempo para a realización da proba non excederá de 30 minutos

Pregunta acertada: 1 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0´15 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

Durante o tempo fixado para a realización do exercicio non se poderán usar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou similares, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio no que resulte necesario. O incumprimento suporá a exclusión do procedemento de selección por parte do Tribunal.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 10 puntos.

Efectuada a proba polas persoas aspirantes, os resultados da mesma serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, podendo as persoas formular alegacións fronte a cualificación destas no prazo de tres (3) días naturais seguintes á data da dita publicación.

Resoltas as alegacións polo Tribunal cualificador, faranse constar no oportuno acordo as correccións deste se houbese lugar a elas, publicándose este no Taboleiro de Anuncios do Concello de Xove.

11.1.2.- SEGUNDA PROBA DE COÑECEMENTOS PRÁCTICOS (TOTAL 40 puntos)

Consistirá en dar resposta a un exercicio de natureza práctica que plantexará o Tribunal que terán por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen na parte de Materias Específicas do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso) e respondan ás funcións ou tarefas da praza cuxa provisión se convoca.

Na súa cualificación valorarase fundamentalmente a precisión na tarefa a desenvolver.

Establécese como criterio de avaliación a coñecer polos aspirantes, que no caso de que o exercicio conste de varias actividades ou accións a desenvolver, todas elas terán a mesma puntuación, prevendo que obterán a cualificación de non apto, os/as aspirantes que non realice algunha das actividades ou accións propostas no exercicio. Este exercicio terá unha puntuación máxima de 40 puntos.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 20 puntos.

11.2.- FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Unicamente se valorarán os méritos correcta e debidamente aportados xunto coa instancia e que estivesen documentalmente xustificadas.

Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións da praza sinalada na Base 2.

- Experiencia profesional (Total 40 puntos).

Os méritos profesionais suporán o 100% da puntuación total do concurso, podendo acadar polo tanto un máximo de 40 puntos. Os criterios de valoración deste mérito son os seguintes:

- Servizos efectivamente prestados nunha Administración local como persoal funcionario ou laboral no mesmo Grupo e Subgrupo (AP) da praza convocada de Operario de Servizos Múltiples municipal: 0´25 puntos por cada mes de traballo efectivo.

Para acreditar o mérito relativo á experiencia profesional deberá achegarse a correspondente certificación da administración local onde prestou os ditos servizos a persoa aspirante, expedida por técnico competente, na que se fagan constar a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico (funcionarial ou laboral), grupo e subgrupo, así como, as funcións propias da praza desenvolvida, cun informe da vida laboral recente, e tempo de servizos prestados expresado en meses.

Os servizos prestados serán valorados unicamente no caso de aportar certificado de servizos prestados expedido por técnico competente, no que consten de modo expreso as funcións do dito posto a fin de avaliar a equivalencia de traballos coas prazas convocadas, non sendo valorados noutro caso.

As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude referida anteriormente e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo conforme ao previsto nestas bases.

Consecuencias de non acreditar os méritos.

O Tribunal cualificador poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos non achegados sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Non acreditar os méritos tal e como se sinala a continuación, acreditalos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

11.3.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

Fase de oposición

O Tribunal requirirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantirá o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comezo das probas, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código no exame no que consista a fase de oposición. En dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección, que será o mesmo día de celebración do exercicio de carácter teórico. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superaran a fase de oposición.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao Tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

Como resultado do proceso levantarase a correspondente Acta, que será asinada por todos os membros do Tribunal.

12.- CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN.

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate, a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida na fase de oposición

2º.- Maior puntuación na fase de concurso

3º.- Maior puntuación obtida nas preguntas de reserva do exercicio teórico da fase de oposición. No suposto de que o Tribunal, de oficio ou a instancia de parte, teña acordado a anulación dalgunha pregunta e a súa substitución pola de reserva, aos efectos do desempate, só se terán en conta as contestacións ás preguntas de reserva restantes.

4º.- Se aínda así persistise o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar ente os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.1.

Calquera alegación, suxestión, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal, poderase alegar durante os dous días naturais seguintes á publicación das cualificacións finais e será o Tribunal o que decida sobre as mesmas no prazo dos dous días naturais seguintes á finalización do período de exposición pública, indicándoo na correspondente acta. Unha vez resoltas as reclamacións, o Tribunal publicará as cualificacións finais definitivas tanto do concurso como da oposición.

O Tribunal remitirá á Alcaldía, ao obxecto da oportuna contratación, a relación de aspirantes de maior puntuación e en número igual ao número de prazas convocadas (unha). Non obstante, para asegurarse a cobertura da praza convocada, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes aprobados que sigan ao proposto, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se rexistre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante que teña superado o proceso selectivo.

b) Que o aspirante que superase o proceso selectivo non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduza que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

O aspirante proposto presentará no Departamento de Persoal do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

c) No caso de ter a condición de discapacitados deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para solicitar ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Prazo de presentación: o prazo de presentación será de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das cualificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducísese que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistimento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

14.- SINATURA DO CONTRATO

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse a sinatura do correspondente contrato laboral.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16.- RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I.

PROGRAMA DE ACCESO

MATERIAS COMÚNS (3 temas).

Tema 1.- Estrutura da Constitución Española de 1978. Estrutura do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- O Municipio. Os órganos de goberno municipal. O alcalde. O Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- O Municipio de Xove. Coñecementos xerais. Coñecemento dos núcleos do concello, así como do rúeiro municipal.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS (7 temas).

Tema 1.- A seguridade laboral: Conceptos xerais. Sistemas e equipos de protección individual.

Tema 2.- Carga e descarga de mercadorías. Técnicas e maquinaria a utilizar. Medidas específicas de seguridade.

Tema 3.- Traballos básicos de limpeza e mantemento de viais e espazos públicos. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade.

Tema 4.- Traballos básicos forestais e /ou medio ambientais. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade.

Temas 5.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Electricidade. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade

Temas 6.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Fontanería. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade
Temas 7.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Carpintería. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade

Xove, 6 de marzo de 2026.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0577

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 6 DE MARZO DE 2026 POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA E AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2026.

BDNS (Identif.): 891706

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/891706>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo- enténdase con sede ou delegación social na provincia-, adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural - con sede e/ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades de interese cultural na anualidade de 2026, sendo o seu obxectivo a promoción e maila dinamización cultural (promoción da historia, da música, das tradicións de Galiza e o uso do idioma galego).

Non se subvencionarán:

- Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertos á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto)

- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións ?para actividades artesanais? recollidas na Orde do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, de 25 de abril de 2017). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.

- Quedan excluídas desta convocatoria os gastos de:

Aloxamento, hostalería, comidas e restauración.

Os gastos para as viaxes culturais que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria, acreditándoa a través de documento xustificativo/factura que acredite que se realizaron actividades culturais na propia viaxe (visitas a museos, conxuntos patrimoniais) O documento acreditativo deberá estar asinado por profesional competente (guía oficial de turismo, xerente ou persoal responsable dun museo, conxunto patrimonial, mosteiro, igrexa?). No caso de que este documento acreditativo da visita cultural, non este asinado polo persoal indicado carecerá de valor probatorio para a xustificación da actividade.

- Quedan excluídas desta convocatoria os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romarías e eventos relixiosos en xeral.

- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos de inversión ou por compra de material inventariable.
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnicas relaxación, obradoiros de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc?).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.
- Quedan expresamente excluídos desta convocatoria os gastos correntes para a celebración de festas de fin de curso (xogos hinchables, xogos deportivos, xogos culturais, monitores deportivos, monitores culturais, globoflexia, a compra e colocación de globos e demais ornamentos festivos, pulseras identificativas, etc?).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para actividades de skyroom (escape-room).
- Quedan excluídas desta convocatoria as actividades culturais que consistan na emisión online, mediante plataforma dixital ou similar.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvenciones en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2026, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 350.000,00 €.

Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Actividades culturais	800 €	3.000 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 6 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0589

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 6 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2026.

BDNS (Identif.): 891708

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/891708>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, destinadas aos investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de carácter cultural da súa titularidade, alugadas ou cedidas legalmente para o uso cultural por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que, executados durante o ano 2026, afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural provincial destes colectivos culturais.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á promoción cultural e ás edificacións auxiliares (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) que puidesen estar vinculadas con aqueles e, con especial incidencia, sobre as accións que tendan a mellorar a calidade de todas as accións e manifestacións culturais.

Tamén son obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento de carácter cultural inventariable por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para dotar ás súas instalacións culturais (en propiedade, alugadas o cedidas legalmente) co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados (técnicos e artísticos).

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrència competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2026, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 250.000,00 €.

Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Investimentos en instalacións de carácter cultural: reformas, ampliación e/ou mellora de inmobles da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente á entidade cultural solicitante.	800 €	3.000 €
Investimentos para a adquisición de equipamentos: Equipamentos, moblaxe e materiais de uso técnico (equipos para procesos da información) e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, e sempre que se trate de investimentos para dotar ás súas instalacións culturais (da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente), co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados. Deberán ser inversións que permitan a mellora na realización dunha programación de actividades de natureza cultural. Por esa razón, non serán gastos subvencionables a adquisición de: Lavalouzas/ frigoríficos/microondas/cociñas/fregadoiros/enfriadores de bebidas e enxoval de cociña. A única excepción será a adquisición de aparellos de calefacción e calentadores de auga	800 €	2.000 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 6 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0590